



RESOLUCIÓN DO 7 DE XULLO DE 2026 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS BOLSAS DE PERSOAL INTERINO DO CORPO DE MÉDICOS FORENSES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA CONVOCADAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DO 2 DE SETEMBRO DE 2024

En cumprimento co disposto no artigo 22.5 da Orde do 2 de setembro de 2024 pola que se establece o procedemento de selección e nomeamento de persoal interino do corpo de médicos forenses e se convoca a correspondente bolsa, e unha vez vistas as alegacións presentadas polas persoas aspirantes,

RESOLVO:

Aprobar as listaxes definitivas coas novas persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de persoal interino do corpo de médicos forenses, así como a súa baremación definitiva, e acordar a súa publicación no sitio web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais na intranet de Xustiza.

Estas listaxes entrarán en vigor o día seguinte ao desta publicación e substituirán ás listaxes vixentes, que quedarán anuladas nesa mesma data, sen que isto supoña ningún dereito para os integrantes destas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambos os prazos contados a partir da data de publicación da presente resolución.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

